

PEZA DO MES

xuño

2007



MATRIZ DE SELO



MATRIZ, VISTA INVERTIDA

MATRIZ DE SELO

Placa de bronce circular, de 56 mm de diámetro e tres de grosor, coa parte traseira plana, con diversas trazas incisas e con aleta sobresaínte en vertical e cunha perforación circular. Na fronte, en oco, un castelo de tres torres, con porta e fiestras de arcos apuntados e merlóns lanceolados, sobre unha ponte de tres ollos con arcos de medio punto con imposta, o central de máis luz, e a lenda:

+S:IGILV :DO: CONCELO: DE: ALLARIZ

Trátase da matriz dun selo municipal, que ingresou entre os fondos do Museo da Comisión de Monumentos, aparecendo rexistrado co número 713, sen que nos fose posible identificar a súa entrada nos datos das Actas da Comisión nin das noticias do *Boletín*.

O campo dos selos é a parte máis ampla e nel aparecen figuras, unha ou varias, que evocan a condición do titular do selo e posibilita identificar o seu grupo social. No noso caso aparecen dous elementos moi propios da heráldica municipal: a ponte e o castelo, xa que a representación de monumentos característicos ou de esceas e actividades que constitúen a fonte principal dos seus recursos económicos son os motivos preferidos pola súa propia proximidade a súa realidade urbana.

Na orla, parte do selo pegada ao seu borde que acostuma a estar delimitada por dúas liñas de puntos ou gráficas, vai normalmente a lenda, inscrición na que se fai referencia ao titular do selo, que no noso caso comeza cunha cruz e permite identificar ao titular, o Concello de Allariz.

No que atinxe á forma, os selos dos concellos son xeralmente circulares e algo maiores no seu módulo que os persoais; os primeiros documentados en Hispania dátanse nos finais do século XII, os de Zamora e moi probablemente os de León e Zaragoza. Faustino Menéndez Pidal e Elena Gómez Pérez, no libro *Matrices de sellos españoles (siglos*

XII al XVI), inclúen o exemplar de Allariz polas súas características no seu grupo V, atribuíndolle unha data entre 1320 e 1370.

O Concello de Allariz, coma institución, ten o seu nacemento na carta de foro outorgada aos veciños da vila polo rei Afonso VII, aínda que xa denantes existían uns bos usos que lle serven a dona Urraca de pauta no foro que lle fai a Ourense en 1131, razón pola que se considera que os foros de Allariz serviron de modelo a todos os galegos, tanto o de Castro Caldelas (1172) ou o de Ribadavia (1161).

A vila foi segundo a tradición lugar de residencia real e, como acredita a documentación, lugar frecuente de estancia real durante o século XII e XIII, ademais de importante centro para a defensa do Reino fronte a Portugal. Ámbalas dúas circunstancias influiron na concesión do foro, entre os anos 1153 e 1157, aos veciños, documento no que se fixan, seguindo o modelo de San Facundo de Sahagún, unha serie de regras que afectan ao recoñecemento señorial do reguengo, aos maxistrados que diriman os preitos, ás normas penais sobre certos delitos e unha serie de regulamentos da vida económica e comercial, e configuran ao conxunto dos veciños coma institución pública, o Concello. E como tal institución colectiva dispón dos elementos de validar os seus propios documentos e de identificarse, así o uso de selo e o pendón da cidade son os elementos máis definidores da existencia independente dun concello, xa que o identifica e, ao tempo, o diferencia dos demais.

Aínda que a historia dos selos é moi longa, xa que comeza co arrinque da escrita en Mesopotamia, o noso exemplar insírese nun tempo máis recente, a Idade Media, na que o selo ten unha función ben definida, autenticar o documento, xa que como recolle o rei Afonso X en Las Partidas: "*Sello es la señal que el rey u otro ome qualquier manda fazer en metal o en piedra para firmar sus cartas con él. E fue fallado antiguamente porque fuese puesto en la carta como por testigo de las cosas que son escritas en ella, e tiene pro en muchas cosas; ca por él las donaciones e las tierras e las heredades que los señores dan a sus vasallos las han por firmes e seguras; e otrosí, las mandaderías que ome envia por sus cartas son más guardadas e van en mayor paridad por la cerradura del sello; e otrosí, todas las cosas que ome ha de librar por sus cartas, libranse mejor e son más creidas quando su sello es puesto en testimonio de ellas. E por ende, todo ome que tiene en guarda sello del rey o de otro señor qualquier, débelo mucho guardar e usar dél lealmente, de manera que no pueda ser sellada con él ninguna carta falsa; e faze prueba en juizio, en todas cosas, sello del rey o de emperador o de otro señor que haya dignidad, que sea puesto en alguna carta. E los sellos de otros omes non pueden fazer prueba si son non contra aquellos cuyos son, assí como de suso mostramos..., ca según el uso de este tiempo, mucho ayuda para ser cumplida la prueba e creida la carta, cuando es sellada*" (Partida III, tít. 20, ley 1). E no mesmo senso, en data algo posterior –ca. 1334–, manifestábase Pedro IV nas Ordenanzas da Casa de Aragón.

Xa que logo, o seu uso máis frecuente foi validar documentos, pero non o único e cabe sinalar un moi notable como é o de empregar os selos municipais para marcar as campás como proba de propiedade, uso que poderíamos estender a



ESCUDO DA PONTE DE VILANOVA. 1600



DETALLE DA FONTE DE SAN ISIDRO. 1667

outros elementos públicos como fontes e depósitos de auga –caso que documentamos anos máis tarde na propia vila de Allariz na fonte de San Isidro, na que figura o selo do concello xa lixeiramente modificado–, ou nas pontes –como se ollá, tamén en Allariz, na Ponte de Vilanova e na de San Isidro–.

Como acabamos de ver no texto legal das Partidas o nome designa tanto a matriz como a impronta resultante da súa aplicación sobre unha materia (chumbo, cera, papel) na que fica impreso o signo distintivo da persoa física ou xurídica que se identifica con eles. Co paso do tempo o selo vai identificarse co resultado e se reserva o nome de matriz para o instrumento co que se sela. A peza que agora comentamos é unha matriz e nunha das caras da súa prancha leva gravados en oco os signos e a lenda que describimos no comezo. Na parte oposta, a prancha ten unha aleta que axuda a quen fai o labor de aplicala sobre o soporte moldeable e ao tempo permite ter unha perforación que axuda a manter o seu control, por exemplo pendurada dunha cadea, e impedir o uso indebido por quen non debe usalo. O control do selo resulta moi importante e a persoa a quen se lle encomenda ten que ser da meirande confianza, e ao tempo que recibe o selo para a súa garda, recibe tamén un poder considerable.

As armas do Concello que se representan no selo medieval de Allariz mantivéronse en uso ao longo do tempo, aínda que con algunhas modificacións. Non coñecemos moitos exemplares de época medieval agás a propia matriz, pois non se teñen documentado exemplares das improntas deste selo en documentos.

Xa no século XVI se lle engadiron outros elementos, neste caso vencellados coa tradición rudesiniana, pois aparecen o Alfa e Omega que penduraban da cruz de San Salvador de Celanova, ou, como quere Cid Rumbao, en relación co lema “Ego sum Alpha e Omega” que se lle incorporou logo, sen que podamos acreditar as razóns deste cambio que aparece xa na fonte de S. Isidro e perdurou ata o século XIX. Ao constituírse os municipios coa reforma provincial de Javier de Burgos en 1843, o Concello de Allariz renovou o seu selo. Así en 1858 documentase un A moi personalizado sumado de coroa aberta e a lenda: “Alcaldía Constitucional. Allariz.”, que

se mantén en 1883 e a que se fai referencia tamén no escrito de data 25 de setembro de 1876 co que Alcalde responde ao Gobernador Civil para dar cumprimento ao acordado por unha Real orde de Fomento de 30 de agosto de 1876, que decretaba se fixera pescuda e se remitira copia dos selos que se usaban e se usan nos diversos Concellos ao Xefe do Arquivo Histórico Nacional de Madrid, segundo publica Fariña Jamardo: “O anterior é moderno, pois data do ano 1845, e aínda que mal debuxado representa o Alfa e Omega, e foi sacado de obras do século pasado, sendo o que se usa hoxe”. Pero no comezo do século XX vólvese parcialmente ao esquema antigo e en 1909 emprégase un selo no que campa unha ponte sobre ondas sumada do A anterior e por riba a coroa aberta, que volve a reaparecer nalgúns selos de 1936. Finalmente volveuse á forma antiga de ponte e castelo co alfa e omega sobre as torres laterais do castelo.


A historia da peza ata a súa chegada ao Museo non é coñecida. Coidamos que pode tratarse da mesma á que se fai referencia no escrito citado que dirixe o Alcalde de Allariz ao Gobernador Civil de Ourense: “*Antes de agora houbo outro selo moi antigo que non existe, só había unha copia que tiña un particular que llela entregou ao Sr. Barros Sibelo, cando recollía datos para escribir a historia de Galicia*”. Resulta chamativo que Barros Sibelo non fixera referencia concreta ao selo do Concello cando trata deste na súa “Crónica de Ourense. Episodios de la Edad Media”, que publicou entre 1874 e 75 en *El Heraldo Gallego*, e onde recolle información do ano 1295 sobre outros dous selos, que polo seu interese recolleemos: “...mostrou e fez leer por min unha carta y selada de dous selos, dos cas, era un de forma redonda e tiña figura dun cordero con unha cruz sobre si e no astil da cruz sinal dun pendon e as letras eran tais: SIGILLUM ABBATISSADE ALLARIZ. E o outro era de forma longa e tiña en si [roto]... de Santa Maria sienta en cadeira con seu fillo no brazo e unha semellanza de flor de lis ena mau e as letras do selo eran estas: S:DAS DONAS DE SANTA CLARA DO CONVENTO DE ALLARIS”. Descoñecemos se foi o ilustre membro da Comisión quen llelo entregou ao Museo, onde agora se conserva.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, se facilita a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O solar foi ocupado dende época romana— da que fican algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engádegas e modificacións ate configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa a carón do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na ubicación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Francisco Fariña Busto.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

MUSEO DE OURENSE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE